



## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS ANO 2017

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2017:

### I.- BASES DE CALCULO

Para o cálculo dos ingresos previstos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2015 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2016.
- 3.- Unha estimación de ingresos para o ano 2017 derivada do acordo plenario de 3 de outubro de 2016, en particular no relativo á redución dalgunhas tarifas do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2017 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará os Servizos de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada. Aumento de ingresos na partida presupostaria 113 relativa ao imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana pola inclusión dos inmóveis que foron obxecto de regularización catastral (que incorporou, entre outras a inscrición da titularidade da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA, cuxa cuantía resulta relevante), e na partida presupostaria 112 relativa ao imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica pola inclusión de solos urbanizables sen ordenación detallada de conformidade coa lei 13 /2015 de 24 de xuño de modificación da lei do Catastro Inmobiliario .
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos e fondo complementario de financiación segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA)





## II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

## CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descripción	Importe
<b>Operacións Correntes</b>		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	105.386.182,34 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	7.871.804,00 €
III	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	37.245.569,63 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	77.338.950,03 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.168.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións Correntes</b>		<b>230.010.506,00 €</b>
<b>Operacións de Capital</b>		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	80.000,00 €
<b>Total ingresos por operaciones de capital</b>		<b>80.000,00 €</b>
<b>Operacións financeiras</b>		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	646.000,00 €
<b>Total ingresos por operacións financeiras</b>		<b>646.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>230.736.506,00 €</b>

## ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2016-2017 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo	Importe 2016	Importe 2017	+/- vari. %
1	103.831.645,34 €	105.386.182,34 €	1,50%
2	7.709.710,00,00 €	7.871.804,00 €	2,10%
3	36.706.577,19 €	37.245.569,63 €	1,47%
4	74.610.994,31 €	77.338.950,03 €	3,66%
5	2.168.390,36,00 €	2.168.000,00 €	-0,02%
6	0,00 €	0,00 €	100,00%
7	0,00 €	80.000,00 €	100,00%
8	646.000,00 €	646.000,00 €	0,00%
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>225.673.317,20 €</b>	<b>230.736.506,00 €</b>	<b>2,24%</b>





Do importe total do presuposto de ingresos (230.736.506,00€) corresponden a operacións correntes (230.010.506,00€: capítulos I a V), un 99,69% e a operacións de capital (726.000,00€) un 0,31%.

## CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 105.386.182,34 € e representa un 45,67 % do total do presuposto e un 45,82% do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IRPF** regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFLL ascende a 5.508.207,00€ millóns de euros, supoñendo o 5,23% do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,39% do total do presuposto e un 2,40% das operacións correntes.. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana** para o ano 2017 ascenden a 63.500.100,00 euros , as previsións do **Imposto sobre Bens Inmóbles de características especiais (BICES)** ascenden a 2.400.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Rústica , a 50.000 euros

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 28,58% do total do presuposto e un 28,67% das operacións correntes. Incrementábase respecto das previsións aprobadas no presuposto de 2016 nun 2,25% xustificado polo incremento de inmóbles do Padrón Fiscal de Bens de Natureza Urbana como resultado das actuacións do Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello e do proceso de regularización catastral levado a cabo pola Dirección Xeral do Catastro, aumento que compensará o efecto negativo da redución de, aproximadamente, 3.000 unidades correspondentes a solos urbanizables sen ordenación detallada que pasarán a ser calificadas como bens de natureza rústica .

As previsións do Imposto sobre **Vehículos de Tracción Mecánica** para o ano 2017 ascenden a 14.300.000 euros e representan un 6,20% do total do presuposto e un 6,22% das operacións correntes. Redúcese a previsión respecto do exercicio 2016 nun 2,05%, xustificada pola crecente substitución de vehículos de maior cilindrada por outros de menor potencia, por un menor número de vehículos industriais, pola redución do 10% nas tarifas de motocicletas de máis de 125 cc, así como, polo aprobación dunha exención dos turismos ou motocicletas “clásicos” con antigüidade inferior ou igual a 1986 con KM/ano inferiores a 5.000, segundo o Acordo Plenario de 3 de outubro de 2016.

As previsións do Imposto sobre **Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana** para o ano 2017 ascenden a 6.400.000 euros e representan un 2,77% do total do presuposto e un 2,78% das operacións correntes. Incrementábase esta partida respecto das previsións do presuposto de 2016 nun 6,66% tomando como referencia prudente as





transmisións realizadas nos exercicios 2015 e 2016, única variable de referencia, pois os tipos impositivos e as bases impositibles (valores catastrais), permanecen inalterados .

As previsións do **Imposto sobre Actividades Económicas** para o ano 2017 ascenden a 13.227.875,34 euros e representan un 5,73% do total do presuposto e un 5,75% das operacións correntes, manténdose en idéntica cuantía que no ano 2016 ao non existir factores que xustifiquen un incrementmo para o próximo exercicio.

## CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 7.871.804,00 € e representa un 3,41% do total do presuposto e un 3,42 % do total de operacións correntes.

A previsión do importe da **cesión do IVE** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 4.625.346 euros, supoñendo o 58,76% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 2,00 % do total do presuposto e un 2,01% das operacións correntes. Resulta un incremento respecto da previsión do exercicio 2016 dun 1,00 %. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da **cesión de Impostos sobre consumos específicos** regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFLL ascende a 1.646.358 euros, supoñendo o 20,91% do total da imposición indirecta do Concello (Capítulo II). Supón un 0,71% do total do presuposto e un 0,72% das operacións correntes. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do **Imposto sobre Construción Instalacións e Obras** para o ano 2017 ascende a 1.600.100 euros e representan un 0,69% do total do presuposto e un 0,70% das operacións correntes. Esta partida incrementa a do presuposto de 2016 nun 6,67%, sendo inferior aos incrementos experimentados nos exercicios anteriores.

## CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 37.245.569,63€ e representa un 16,14% do total do presuposto e un 16,19% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2017 supón **un incremento do 1,47%** respecto das previsións aprobadas no presuposto de ingresos de 2016.

As previsións da **Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas** para o ano 2017 ascenden a 5.200.000€ na partida 30200 de lixo comercial e 11.600.000€ na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 16.800.000euros representa un 7,28% do total do presuposto e un 7,30% das operacións correntes. As previsións para estas partidas mantéñense en idéntica coantía que as do 2016.





Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o **1,5% dos ingresos brutos** obtidos polas mesmas no municipio: estímase no importe de 3.100.100€ os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 800.000€ os ingresos procedentes das empresas de telecomunicacións. Permanecen idénticas ao exercicio 2016 as previsións das partidas 33300 e 33309 por estaren os ingresos que se liquidan por estes conceptos en litixios contencioso-administrativos.

#### CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 77.338.950,03€ e representa un 33,52% do total do presuposto e un 33,62% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2017 supón **un incremento do 3,66%** respecto das previsións aprobadas nos presupostos de ingresos de 2016.

A previsión da **Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado** para o ano 2017 ascende a 64.711.034,24 euros e representa un 28,05% do total do presuposto e un 28,13% das operacións correntes. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE), e as cifras que constan como previsión no presente presuposto de 2017 nesas partidas corresponden ás facilitadas pola Dirección Xeral de Coordinación Financeira coa CCAA e EELL para a elaboración do presuposto do ano 2016. Incrementábase esta partida de participación no fondo complementario nun 1,72% respecto dos presupostos de 2016.

A previsión do importe da **Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma** (PICA) ascende a 6.199.366,92 euros, permanecendo invariable respecto dos anos 2015 e 2016. Supón un 2,69% do Presuposto Total e un 2,70% das operacións correntes.

#### CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS

Importa este capítulo 2.168.390,36€, permanecendo case invariable respecto ao exercicio 2016. Representa un 0,94% do total do presuposto e un 0,94% do total de operacións correntes.

#### CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2017 de 80.000€



DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS

CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO  
DE VIGO



### CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

Importa este capítulo 646.000 € e representa un 0,28% do total do presuposto e un 100% do total de operacións financieras.

Vigo, outubro de 2016

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 27/12/2016 15:46

Páxina 6 de 6

Expediente 38/142

Código de verificación: 22ED4-2B83E-8CD2A-2DA22

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>